

<p>CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN</p> <p>Pazos nº 52, 36841 Pazos de Borben</p>	<p>DECLARACION</p> <p>RESPONSABLE</p> <p>FESTAS E VERBENAS POPULARES</p>
--	---

DATOS DA ASOCIACION, AGRUPACION OU COMISION DE FESTAS	
Denominación	
CIF	Teléfono
Enderezo	
Concello	Provincia
CP	Enderezo electrónico
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE	DNI

DATOS DA FESTA OU VERBENA POPULAR
Denominación
Localización (dirección e parcela catastral)
Data e horario de celebración
Indicación de si van a actuar Orquestras (en caso afirmativo cítense)

Indicación de si existen atraccións de feira (indíquese tipo e número aproximado)

Indicación de calquera tipo de instalación desmontable (Palco, carpa...)

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE

1.- Que esta entidade será a organizadora e promotora da festa comunicada, cumprindo todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da mesma, dispoñendo da **documentación** que así o acredita, a cal porá a dispor do Concello cando lle sexa requirida e, alomenos, con **dous días de antelación á súa celebración en caso de instalacións portátiles ou desmontables**, debendo trasladar unha vez montadas as instalacións a correspondente certificación técnica da instalación ou montaxe con carácter previo ao inicio da festa. Declara igualmente, que para o caso de contemplar a utilización de instalacións portátiles ou desmontables e/ou instalacións de feria, cumprirá coa totalidade de requisitos dispostos polo Decreto 226/2022, do 22 de decembro, e que en todo caso, se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas establecidas na normativa durante o periodo de tempo inherente ao exercicio da actividade.

2.- Que o aforo máximo de asistentes non excederá das 500 persoas de ser en establecemento pechado.

3.- Que o evento desenvolverase no lugar e datas precisados con suxeición ao horario indicado, sen prexuízo de superarse os horarios límites dispostos ao efecto na Orde de 16 de xuño de 2005 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local (DOG 20.5.2015).

4.- Que achega **programa das actividades a desenvolver e memoria de características dos espectáculos**.

5.- Que achégase **plano de situación da localización da festa/verbena**

6.- Que **comprométese á contratación do seguro** previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou a aportación, neste acto, da documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel (certificado de seguro e pago de recibo da prima). De conformidade coa disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, do 27 de decembro e artigo 8 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, os capitais mínimos que haberán de cubrir, no seu conxunto, as pólizas terán as seguintes contías: a.- En espazos abertos ao público, non delimitados e de capacidade intederminada: 300.000 €; b.- En espazos pechados e delimitados ao aire libre: a) Ata 100 persoas: 200.000 €; b) ata 150 persoas: 300.000 €; b) Ata 300 persoas: 500.000 €; c) Ata 500 persoas: 600.000 €; d) Ata 1.000 persoas: 700.000 €; e) Ata 1.500 persoas: 1.000.000 €; f) Ata 2.500 persoas: 1.200.000 €; g) Ata 5.000 persoas: 1.500.000 €.. En espazos pechados e non delimitados ao aire libre: a) Ata 100 persoas: 100.000 €; b) ata 150 persoas: 200.000 €; b) Ata 300 persoas: 400.000 €; c) Ata 500 persoas: 500.000 €; d) Ata 1.000 persoas: 600.000 €; e) Ata 1.500 persoas:700.000 €; f) Ata 2.500 persoas: 1.000.000 €; g) Ata 5.000 persoas: 1.200.000 €..

Soamente para o caso de actuación de Orquestras/Grupos Musicais/ou colocación de Carpas desmontables promovidas dende a propia Asociación/Comisión de Festas:

1.- Que dispón a contratación de **seguro de responsabilidade civil específico**, con capital mínimo asegurado por importe de 150.000 € por cada instalación ou estrutura. Se as instalacións ou estruturas se utilizan conxuntamente nun espazo delimitado e son obxecto dunha única solicitude de licenza /comunicación previa, deberas subscribir unha única póliza de responsabilidade civil para todas as estruturas ou instalacións, co capital mínimo indicado no Decreto 226/2022.

2.- Que achega o documento acreditativo da **designación, da persoas física ou xurídica que asumirá a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.**

3. Que achega **a marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalacións** que correspondan segundo as súas características e o **certificado da instalación de baixa tensión.**

Pazos de Borbén, a de de 202 .

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pazos de Borbén.

Se as actividades prevén a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou licenza, ésta poderá ser presentada ou solicitada directamente pola persoa titular da instalación.

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas enténdese por declaración responsable o documento suscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento do dereito ou facultade para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a dispor da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

O Concello poderá requirir en calquera momento que se exhiba e aporte a documentación que acredita o cumprimento dos mencionados requisitos e o interesado estará obrigado á aportala.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora a declaración responsable, ou a non presentación ante a Administración competente da documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o intre en que se tome constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar. Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituí-la situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar novo procedemento polo mesmo obxecto durante un período de tempo determinado por lei.